



Resumen aspectos máis relevantes en materia de prevención e control sanitario

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Comezo do curso 2020/21

1 Normalidade adaptada

Aplicar unha serie de medidas en materia de prevención e control sanitario e **adoptar** por parte de toda a comunidade universitaria da Escola (alumnado, profesorado e PAS) unhas **pautas de actuación específicas** en canto a: acceso, mobilidade, uso das instalacións e relacións entre as persoas

2 Modalidade totalmente presencial

En caso de ser necesario, poderíase suspender a actividade presencial como consecuencia de aparición de casos COVID19. A suspensión de actividade docente presencial podería ser por aula, materia, curso, titulación ou centro. Neste caso activaríase a modalidade non presencial.

Acceso ao centro

1

Non se pode acceder ao centro se estás nalgunha destas situacións

a

Se estás afectado/a pola enfermidade

b

Se presentas **síntomas** compatibles coa enfermidade (tose, febre, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, diarrea, dor de garganta, dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado)

c

Se tes diagnosticada a enfermidade e **non finalizaras o período de illamento** requirido

d

Se estás **en corentena por ter contacto estreito** con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 nos últimos 14 días

Contacto estreito: toda persoa que, desde dous días antes de que o caso sospeitoso/confirmado COVID19 comezase cos síntomas ata que acabe o illamento, estivo co caso sospeitoso/confirmado sen protección axeitada a menos de 2 metros durante, polo menos, 15 minutos

2

Se estás nalgunha destas situacións, debes comunícalo á persoa responsable COVID19 no centro (Elena Alonso, ealonso@uvigo.es)

Acceso ao centro

1

Respectar as portas de entrada e saída. Na porta principal o acceso é pola dereita e saída pola esquerda

2

Lavar as mans con auga ou xabón ou no seu defecto con solución hidroalcohólica ao acceder ao centro e ao saír




Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón

Pautas xerais (PDI, alumnado, PAS)


1

Manter **distancia de seguridade** interpersoal mínima 1,5 metros



2

O uso de **máscara é obrigatorio**



3

Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón mínimo 40 segundos

4

Manter a **etiqueta respiratoria**

No caso de tusir e/ou esberrar, taparse cun pano de papel e tiralo tras o seu uso

Evitar tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas

5

Seguir o protocolo no caso de **presentar síntomas no centro**

Se presentas síntomas no centro...

1

Contacta co **teléfono COVID19** da
Escola de Enxeñaría de Minas e
Enerxía

986 811930

986 812205

647 343064

Acompañarémolos á Sala
COVID19 da Escola

Darémolos unha máscara
cirúrxica a tí e outra á persoa
que che levará á sala

Avisaremos á túa familia, que
debe contactar co teu centro de
saúde ou co teléfono de
atención á COVID-19 (900
400116)

2

Non poderás volver a actividade presencial na Escola ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario

Mobilidade no centro

1 → Empregar o **criterio xeral de mobilidade** pola dereita en sentido da marcha (sinalización no chan)

2 → Nos corredores e vestíbulos **empregar só os postos** sinalizados cun círculo verde

3 → **Limitar o uso dos ascensores** ao mínimo imprescindible. Teñen prioridade as persoas con problemas de mobilidade, persoal de limpeza e persoal que transporta cargas

4 → **Seguir as pautas indicadas de uso específico e aforo de cada espazo.** A información estará dispoñible en cada espazo

Aseos, aulas, laboratorios, aulas de informática, comedor, biblioteca, espazos comúns, despachos compartidos e individuais, Sala de Xuntas, Aula de Grao, antigo espazo reprografía, ...

Instrucións de uso da aula (alumnado)

1

Ao **acceder e saír** da aula, **lavar** as mans con auga e xabón ou utiliza a solución alcohólicas dispoñible na entrada

2

O uso da **máscara é obrigatorio** para profesorado e alumnado

3

Cada aula ten un **aforo determinado**. Os postos que **se poden usar están marcados cun círculo verde** e non se poden mover. Recoméndase empregar o mesmo posto. **Capturar o código QR** asociado ao posto empregado

4

As aulas están desinfectadas ao inicio da xornada (mañana e tarde). Se a aula está previamente ocupada hai **material desinfectante a disposición do alumnado para limpar o seu posto**. É importante consultar como se debe empregar.

5

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, calculadoras, etc... Os obxectos personais: bolsos, mochilas, etc. colocaranse debaixo da cadeira

Instrucións de uso da aula (profesorado)

1

Ao **acceder e saír** da aula, **lavar** as mans con auga e xabón ou utiliza a solución alcohólicas dispoñible na entrada

2

O uso da **máscara é obrigatorio** para profesorado e alumnado

3

Cada aula ten un aforo determinado. Os postos que se poden usar están marcados cun círculo verde. **Capturar o código QR do posto do profesorado**

4

Na aula hai material desinfectante. Cada docente é responsable de **limpar o seu posto de traballo** (mesa, cadeira, borrador, etc...) e os equipos empregados **ao principio e ao final de cada clase**. O material tamén está a disposición do alumnado que desexe limpar o seu posto

5

Recoméndase que o **profesorado ao entrar na aula ventile** para facilitar a renovación do aire (mínimo 5 minutos ou 10 minutos se o espazo estaba ocupado previamente). Evitar correntes de aire.

6

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, calculadoras, etc... Os obxectos persoais: bolsos, mochilas, etc. colocaranse debaixo da cadeira

Instrucións de uso Aula informática

1

Ao **acceder e saír** da aula, lavar as mans con auga e xabón ou utilizar as solucións alcohólicas dispoñibles nas entradas ás aulas.

2

O uso da **máscara é obrigatorio** para todo o profesorado e alumnado

3

Cada aula ten un aforo determinado. Os postos que **se poden usar están marcados cun círculo verde**. Recoméndase empregar o mesmo posto. **Capturar o código QR do posto empregado** (alumnado e profesorado)

4

Ao finalizar a sesión práctica **cada alumno/a terá que desinfectar o equipo informático** co material dispoñible para cada posto. O **profesorado limpará o seu posto**

5

Recoméndase que o **profesorado ao entrar na aula ventile** para facilitar a renovación do aire. Evitar correntes de aire.

6

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, calculadoras, etc... Os obxectos persoais: bolsos, mochilas, etc. colocaranse debaixo da cadeira

Instrucións de uso de Laboratorios

1

Ao **acceder e saír** do laboratorio, lavar as mans con auga e xabón ou utilizar as solucións alcohólicas dispoñibles na entrada.

2

O uso da **máscara é obrigatorio** para todo o profesorado e alumnado e deberán establecerse as medidas para procurar manter a distancia de seguridade de 1,5 m. Nos casos nos que **a natureza da práctica non permita respectar a distancia interpersonal** atenderase a medidas de seguridade específicas, en particular **uso de pantallas protectoras e/ou luvas** entre outras.

3

O profesorado debe incluír no protocolo das prácticas a limpeza das mesmas por parte do alumnado. Ao finalizar a sesión práctica **cada alumno/a terá que desinfectar o instrumental** co material dispoñible para cada posto. O **profesorado limpará o seu posto**

4

Recoméndase que o **profesorado ao entrar na aula ventile** para facilitar a renovación do aire. Evitar correntes de aire.

5

Cada laboratorio ten códigos QR distribuídos no laboratorio. **Capturar o código QR do laboratorio** (alumnado e profesorado)

6

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, calculadoras, etc... Os obxectos persoais: bolsos, mochilas, etc. colocaranse debaixo da cadeira

Titorías

- Estase a aprobar unha normativa nova de titorías de forma que o profesorado elixe a modalidade de titorías entre **horario fixo, citas concertadas ou modalidade mixta**
- Os **horarios de titorías estarán publicados** na web da universidade e o centro
- Con carácter xeral, recoméndase ao profesorado que, na medida do posible, se realicen as titorías en modalidade non presencial (campus remoto ou correo electrónico). De non ser posible a realización de forma non presencial, **tanto o profesor ou profesora como o/a estudante, utilizarán máscara e manterán entre eles, se é posible, unha distancia de 1,5 metros**

Biblioteca

1 → Uso obrigatorio da máscara

2 → O alumnado poderá acceder á biblioteca. O persoal da biblioteca asignaralle un posto ao estudante. Unha vez empregado o posto, antes de saír da biblioteca, o/a estudiante terá que avisar ao persoal da biblioteca para marcalo

3 → Calquera **dúbida sobre o uso da biblioteca**: directamente no mostrador da biblioteca, por mail a presind@uvigo.es ou ben chamando ao teléfono 986 812 208

Servizos administrativos

1

Atención presencial só con cita previa, enviando solicitude de cita ao servizo correspondente (Área de estudos de grao, Área de estudos de posgrao ou Negociado de Asuntos Xerais de Minas)

2

Atención por mail ou teléfono (información dos contactos na web do centro, no apartado “Persoal de Administración e Servizos)

Outros

- O servizo de **comedor** estará operativo a partir do día 14 de setembro. Estableceráanse turnos cada hora entre as 12:00 e as 15:00 horas
- A Universidade **fará probas PCR**s entre o alumnado de forma aleatoria.
- A Universidade **entregará unha máscara** a cada alumno/a
- É moi importante que esteades atentos/as ao correo electrónico da Escola (eme.negociado@uvigo.es ou eme.direccion@uvigo.es), que será o medio de información principal.
- A persoa responsable de Asuntos COVID10 no centro é Elena Alonso Prieto (eme.direccion@uvigo.es, ealonso@uvigo.es)

....e máis

- A Escola tratará, na medida do posible, de **manter as actividades que realiza de forma habitual**, adaptándoas as condicións marcadas na “nova normalidade”: actividades de formación extracurricular, charlas informativas, actividades de difusión, concursos e premios, saídas e visitas á instalación, Mentorización, igualdade, etc....
- Non **dubidedes en contactar connosco** para calquera dúbida que teñades



Resumen aspectos máis relevantes en materia de prevención e control sanitario

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía